



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA Nº 237 /2015

Vista a Resolución da Deputación da Coruña de concesión de subvención para a limpeza de praias marítimas no 2015, mediante decreto de Alcaldía nº 212/2015, de 16 de xuño, aprobaronse as bases para a contratación de 18 traballadores/as durante 3 meses a tempo parcial, para a limpeza de praias, con reserva, se é o caso, de ata un 30% das prazas para candidatos/as en perigo de exclusión social, previo informe motivado dos servizos sociais.

Publicado anuncio no xornal, taboleiro anuncios do concello e paxina web municipal concedeuse un prazo de 5 días hábiles para presentación de solicitudes, prazo que tivo o seu remate o pasado 23 de xuño.

En data 25 de xuño de 2015, emitíuse decreto de Alcaldía aprobando a lista de admitidos e de excluídos concedendo un prazo de 2 días hábiles naturais para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Visto a que a persoa excluída non presentou o documento que se lle requeria,

Vista a tramitación do expediente, esta Alcaldía, en uso das facultades que ten conferidas por Lei ,

RESOLVE:

Primeiro.- Elevar a definitiva a lista de admitidos e excluídos segundo figura no decreto 231/2015.

Segundo.- Os aspirantes deberán presentarse, provistos do DNI, no Centro Público Integrado –CPI – de Atios do concello de Valdoviño, o vindeiro MÉRCORES día 01 de XULLO de 2015, para a realización da 1ª fase do proceso selectivo: Oposición, que se desenvolverá conforme o sinalado no punto 6º das Bases para a contratación.

Ás 10 HORAS serán chamados os aspirantes con primeiro apelido comprendido dende a “A” ata o aspirante “López Fernández” e **ás 10 HORAS 30 MINUTOS**, serán chamados os aspirantes dende “López Formoso” ata a letra “Z”.

Terceiro.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

Presidente/a: Dona Carlota González Navarro
Suplente: Dona Paula Campos Rodríguez
Vogais: Dona M^a Remedios Torres Regueiro
Suplente: Rosario García Villar
Don Vicente Bogo Dopico
Suplente: Don Antonio Vilasánchez Hermida
Don Santiago López Vilela
Suplente: Don Ricardo Dopico Embade
Secretario/a: Dona Pilar Rivera Rodríguez
Suplente: Senén Martínez Prieto.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal, para xeral coñecemento.

Dado na Casa do Concello de Valdoviño, polo Sr. Alcalde-Presidente, don Alberto González Fernández, no día vinte e nove de xuño de dous mil quince, ante min, secretaria municipal, Carlota González Navarro.

O Alcalde,

A Secretaria,